

Chapela, 30 de marzo de 2020

Estimadas familias e alumnado do IES de Chapela:

Ante todo agardamos que a vós e á vosa xente lle acompañe a saúde nestes días difíciles. No IES de Chapela seguimos tentando manter unida a comunidade educativa desde o fogar. A través da páxina web, da nosa conta de Instagram, da Aula Virtual, do correo electrónico... pretendemos tecer unha rede para que todas e todos continuemos conectados non só no académico, senón tamén no emocional. Sodes moitas e moitos os que estades a achegar as vosas sensacións, as vosas ideas, as vosas creacións e sobre todo o voso traballo. O traballo dun alumnado que maioritariamente continúa coa marcha das clases pese a un horizonte aínda incerto. E somos conscientes das dificultades que isto implica nuns momentos nos que a fenda dixital entre nós faise máis patente que nunca. Chamámosvos a que sigades neste rumbo, e a que continuedes informados nuns tempos de dixe-me-dixe-me a través da nosa páxina web. Grazas.

O pasado 27 de marzo a Consellería de Educación trasladou aos centros instrucións con respecto á avaliación do 2º trimestre. Nas mesmas ínstasenos a proceder a formalizar o peche da avaliación antes do 3 de abril tendo en conta o traballo realizado ata a data de declaración do estado de alarma. Como sabedes, o anuncio da suspensión das clases o xoves 12 de marzo a última hora da mañá, deixou sen realizar a 2ª avaliación nas ensinanzas de ESO, Bacharelato e 1º FP e FP modular. Esta situación creou diferentes escenarios en canto á finalización do período a avaliar e a posterior cualificación do alumnado, que abranguen desde procesos practicamente concluídos en 1º e 2º ESO, avanzados para 3º, 4º e Bacharelato, e por suposto pouco desenvolvidos na FP, que tiña programadas as súas avaliacións a mediados desta semana que entra. Traballos pendentes de entrega, exames ou exposicións por facer, recuperacións postremas... Circunstancias todas habituais no día a día dun centro. O propio xoves 12 de marzo a dirección do centro aconsellou ao alumnado que non acudise a clase o venres 13, sinalado de asistencia voluntaria pola Administración, e que priorizase a saúde sobre os resultados académicos.

Entendendo o carácter continuo do proceso de ensino aprendizaxe, guiado pola evolución do alumnado ao longo de todo o curso, e na situación excepcional que estamos a vivir, esta dirección non comprende a necesidade de formalización dunha 2ª avaliación de índole orientativa de cara a unha última avaliación ordinaria, que si posúe carácter oficial. Pensamos que con carácter extraordinario debería introducirse un curso con dúas avaliacións e que o noso esforzo se centrara en como desenvolver precisamente esa última avaliación unha vez remate o confinamento nos fogares. Unha avaliación do 3º trimestre e do curso no seu conxunto que deberá ter en conta as circunstancias que atravesamos e a fenda dixital que provoca unha ruptura total na equidade na que se debe sustentar o noso sistema educativo. Todo isto sen entrar na consideración que en ningún momento está asegurado que contemos con todos os elementos necesarios para garantir que a avaliación responda ao seu cometido en canto á necesaria coordinación didáctica que require.

Mais por riba de todo valoramos moi negativamente a comunicación telemática de posibles resultados negativos a un alumnado confinado na súa casa, con situacións socio-familiares moi diversas, e con estados anímicos e emocionais necesariamente alterados que repercuten na convivencia do día a día. "Non todo son cuestións académicas, non esquezades o eido emocional do voso alumnado", recomenda ao profesorado estes días o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Nos preto de mil correos electrónicos recibidos estes días, e nas máis de cen chamadas telefónicas atendidas, non houbo unha soa referencia ás cualificacións da 2ª avaliación.

Se a decisión de formalizar a 2ª avaliación ten por fin transmitir a sensación de normalidade, non parece o máis adecuado nun escenario xa de por si extraordinario, e cun único resultado ou cualificación que nos importa, o aprobado na superación da pandemia.

Tendo en conta o exposto, esta dirección quere comunicar que aplicará a instrución do peche da segunda avaliación facilitando que aquelas profesoras ou profesores que consideren ter un criterio para emitir unha cualificación no 2º trimestre introduzan a súa nota na aplicación XADE ata o día 2 de abril, e aqueles e aquelas que pola contra non conten con todos os indicadores precisos para expresar unha nota final, se absteñan de facelo. Á marxe das cualificacións todas as reflexións sobre o grupo-clase, ou a marcha de alumnos e alumnas en particular, serán recollidas polas persoas titoras e informarse ao Departamento de Orientación ou á dirección do centro daquelas situacións que precisen da súa intervención ou coñecemento.

Queremos comunicar ademais que, polas razóns expostas no presente escrito, as posibles cualificacións introducidas non serán publicadas na aplicación abalarMóbil e por tanto, en principio, non poderán ser consultadas polo alumnado nin polas súas familias ata a avaliación ordinaria. Desta circunstancia foi informada a xunta directiva da ANPA Penisal, que apoia por unanimidade esta decisión. Non obstante, a dirección do centro mantén aberta unha vía de comunicación a través do correo electrónico para aquelas persoas que desexen información sobre as súas cualificacións, precisen calquera aclaración, ou queiran realizar algunha suxestión.

Tan só transmitirvos por último, de parte de todo o profesorado e do persoal non docente do IES de Chapela, moito ánimo, moita resistencia e moita saúde neste momentos.



A dirección